

Na cidade de A Coruña, na sede da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, cando son as 10:00 horas do día 15.09.2017,

REÚNENSE

Dunha parte, don Juan Salle Barreiro Pérez (en substitución de don Jorge Lorenzo Souto, de Sidero, don Jesús Casal Liñares (Sidero), don Roberto Derungs Cachaza (Sidero), dona Belén Cao Montero (Asociación Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos de A Coruña), don Ángel Argiz Fernández (ASINEC), don José A. Romariz Ferreiro (Sidero) e don Juan Andrés López Fouz (en substitución de don Secundino Rego Fernández, de Sidero), todos eles en representación da parte empresarial. Actúa como portavoz dona Beatriz Regos Concha, asesora da Confederación de Empresarios de A Coruña,

E, doutra parte, don Ramón Fernández Alfonso (CIG), don Benedicto Blanco Lema (CIG), don Eduardo Caamaño Lestón (en substitución de don Alejandro Barreiro Pazos, da CIG), don Victor José González Rivera (UGT), don Felipe López Calvo (UGT), don José Hurtado Amador (CC.OO.) e don José María González Cibes (CC.OO.), todos eles en representación da parte social.

As persoas relacionadas, coas substitucións a que se fixo referencia en cada caso, son integrantes da Comisión de Conciliación- Mediación, constituída o día 07.06.2017, ao amparo do Acordo Galego de Solución Extraxudicial de Solución de Conflitos Colectivos de Traballo (AGA), para solventar o conflito xurdido na negociación do convenio colectivo do sector da Industria Siderometalúrxica da provincia de A Coruña. Asiste á xuntanza o conciliador designado no seu día, Benigno Sánchez García.

Logo das xuntanzas mantidas os días 7 e 29 de xuño; 3 e 11 de xullo; e no día de hoxe, 15 de setembro, sempre de 2017, as partes, coas particularidades que logo se dirá, chegan a un **ACORDO**, concretado nos termos seguintes.

1. Incremento salarial (artigo 40). Establecer un incremento salarial de todos os conceptos retributivos do convenio colectivo, incluídos o plus de Xefe de Equipo e o plus de Antigüidade, das seguintes contías:

- 1.1. 2015: 0,5%
- 1.2. 2016: 1,6%
- 1.3. 2017: 2%
- 1.4. 2018: 2%
- 1.5. 2019: 2%

1.6. Con ocasión da sinatura do convenio colectivo, abonarase unha gratificación extraordinaria por importe do 2,1% sobre as táboas salariais de 2014, en compensación pola falta de aplicación de atrasos en 2015 e 2016.

2. Revisión salarial (artigo 41).

2.1. Para 2017 establécese una cláusula de revisión para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2017 rexistre un incremento superior ao 1,5%. Neste caso efectuarase una revisión salarial no exceso da cifra indicada con efectos do 1 de xaneiro de 2017, servindo como base para aplicar o incremento salarial de 2018. A revisión salarial tan só xerará o cobro de

atrasos a partires do primeiro mes en que o IPC real supere o 1,5% pactado, aboándose nunha soa paga, durante o primeiro trimestre de 2018.

2.2. Para 2018 establécese una cláusula de revisión para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2018 rexistre un incremento superior ao 1,5%. Neste caso efectuarase una revisión salarial no exceso da cifra indicada con efectos do 1 de xaneiro de 2018, servindo como base para aplicar o incremento salarial de 2019. A revisión salarial tan só xerará o cobro de atrasos a partires do primeiro mes en que o IPC real supere o 1,5% pactado, aboándose nunha soa paga, durante o primeiro trimestre de 2019.

2.3. Para 2019 establécese una cláusula de revisión para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2019 rexistre un incremento superior ao 2%. Neste caso efectuarase una revisión salarial no exceso da cifra indicada con efectos do 1 de xaneiro de 2019, servindo como base para aplicar o incremento salarial de 2020. A revisión salarial tan só xerará o cobro de atrasos a partires do primeiro mes en que o IPC real supere o 2% pactado, aboándose nunha soa paga, durante o primeiro trimestre de 2020.

3. Ámbito funcional (artigo 1).

3.1. Incluír conservación, corte e reposición de contadores e lectores de contadores eléctricos.

3.2. incluír no ámbito funcional aos traballadores de empresas de multiservizos que desenvolvan o seu labor no sector.

4. Ámbito temporal (artigo 4). Desde o 01.01.2015 ata o 31.12.2019

5. Contratación temporal (artigo 9). Mantense redacción do anterior convenio colectivo, subindo a porcentaxe de cadro de persoal fixo mínimo ata o 60%, considerando a media de traballadores dos últimos 30 meses

6. Subrogación (artigo 11).

6.1. Ao remate da concesión dunha contrata, producirase a subrogación do persoal en todos os seus dereitos e obrigas, sempre que a mesma sexa para prestar servizos de mantemento nas Administracións Públicas e/ou Empresas Públicas, en virtude dunha concesión administrativa ou contrato público, e sempre que se cumpran os seguintes requisitos: (os mesmos que na actual redacción do convenio colectivo)

6.2. Engadir o seguinte parágrafo: Crearase unha comisión paritaria polos asinantes do convenio colectivo na que se analizará e estudará a subrogación laboral noutros sectores para a negociación do próximo convenio colectivo.

7. Artigos 30 e 47. Deixar a redacción tal e como está no actual convenio colectivo

8. Desprazamentos (artigo 27). Preaviso de 5 días naturais de antelación para desprazamentos de entre 45 días e 3 meses.

9. Retén (artigo 31).

9.1. Os traballadores que voluntariamente se atopen a disposición da empresa, localizables mediante teléfono móbil ou busca, sexan requiridos para prestar traballo efectivo durante este tempo de dispoñibilidade, e teñan a obriga de acudir diante dun chamamento da empresa, terán dereito a un descanso de 8 horas entre o fin de dito traballo e a reincorporación á súa xornada laboral, considerándose traballo efectivo o tempo da súa xornada laboral que se atope dentro destas 8 horas de descanso.

9.2. Os traballadores mencionados percibirán un plus complemento de retén de 60 euros semanais, excepto aqueles que xa o veñan percibindo incluído no seu salario. Os que o veñan cobrando por importe superior manterán o dereito a percibilo por ese superior importe.

10. Permisos e licenzas (artigo 33).

10.1. Letra c). Onde di “enfermidade” hai que engadir “grave”. Os días pasan a ser laborables e a elección do traballador, mentres dure a enfermidade grave ou a hospitalización.

10.2. Letra g). Auméntase a 22 horas o permiso, podendo ser utilizadas esas horas para acompañar aos fillos en idade de recibir asistencia por médico pediatra (menores de 15 anos), aos fillos maiores de idade dependentes por problemas de discapacidade, e aos pais e pais políticos discapacitados a cargo.

11. Plus de xefe de Equipo (artigo 49).

11.1. Consolidarase a percepción do plus despois de que o traballador teña desenvolvido as tarefas propias da Xefatura de Equipo durante 18 meses consecutivos ou 36 meses alternos, nun período de dez anos.

11.2. O xefe de Equipo non poderá ter ao seu cargo máis de dez traballadores.

12. Horas Extraordinarias (artigo 55). Suprímese o inciso final do artigo, referido á compensación preferente en descanso das horas extraordinarias.

13. Vixiancia da Saúde- Mutuas de AT/EP (artigo 70). Engadir este parágrafo: A Comisión Paritaria analizará anualmente o nivel global de eficiencia amosado polo colectivo de Mutuas Patronais no desenvolvemento dos seus servizos ás empresas do sector, podendo, a tal efecto, recibir e estudar a información que se lle remita por parte dos traballadores e das empresas. Igualmente, nas empresas incluídas no ámbito de aplicación deste convenio, a súa dirección e a representación dos traballadores avaliarán o nivel de eficiencia na prestación do servizo por parte da respectiva Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais. No caso de que exista acordo entre a dirección e a representación dos traballadores en manifestar unha queixa ao respecto, esta será remitida á Mutua afectada. De igual xeito se lle trasladarán aquelas queixas que formule a representación dos traballadores cando non haxa acordo acerca das mesmas coa dirección da empresa. Como resultado da avaliación efectuada en cada empresa, a representación dos traballadores poderá, así mesmo, propor á dirección a cancelación ou non renovación do concerto existente.

14. Industria auxiliar Ría de Ferrol. Crearase unha comisión paritaria formada polos asinantes do convenio colectivo que analizará os acordos acadados polas empresas auxiliares de Navantia na Ría de Ferrol. En caso de que esta comisión alcance algún tipo de acordo sobre o particular, decidirá acerca do mesmo.

Asinan o presente preacordo os representantes das organizacións empresariais, así como os representantes de UGT e CC.OO., o que implica a desconvocatoria da folga convocada no sector a partires do próximo día 19. Os asinantes condicionan a eficacia do preacordado á ratificación polos órganos de dirección e os afiliados e afiliadas das respectivas organizacións.

Non asinan o presente preacordo os representantes da CIG, se ben condicionan esta decisión ao que resulte das asembleas de traballadores convocadas ou que se convoquen.

En proba de conformidade con canto antecede asina tamén a presente acta o conciliador designado, Benigno Sánchez García

Remata a xuntanza cando son as 19:00 horas do día máis arriba sinalado.

